

Ola a tod@s!

- Non esquezades seguir escribindo o voso diario.
- Tampouco esquezades facer todos os exercicios na libreta.
- Hoxe imos a repasar o Pasado Simple dos verbos regulares e algúns irregulares. Lembrade que usamos o pasado simple cando falamos sobre accións que aconteceron no pasado, que xa rematamos. Cando os verbos son regulares engadimos **-ed** or **-ied** para a forma do pasado; cando os verbos son irregulares, xa teñen a súa propia forma de pasado.

### VERBOS REGULARES

Verbos regulares que rematan en <b>-e</b>	Engadimos <b>-d</b> Close - closed
Os que rematan en <b>vogal + y</b>	Engadimos <b>-ed</b> Play - <b>played</b>
Os que rematan en <b>consoante + y</b>	Engadimos <b>-ied</b> Marry – <b>married</b> (e como vedes desaparece o -y

Para as frases interrogativas usamos DID + INFINITIVO: Did you **study** yesterday?  
**PERO NUNCA : DID YOU STUDIED**

Para as frases negativas usamos DIDN'T + INFINITIVO: I didn't **study**  
**PERO NUNCA , I DIDN'T STUDIED**

**NO PASADO AS TERCEIRAS PERSOAS NON VARIAN.**

- Agora seguíde vos cubrindo os recadros:

AFFIRMATIVE	NEGATIVE	INTERROGATIVE
I played	I didn't play	Did I play?
You		
He/she/it		
We		
You		
they		

## VERBOS IRREGULARES:

No caso dos verbos irregulares, teñen a súa propia forma para o pasado. Aquí tedes unha pequena lista de verbos irregulares que xa coñecedes, pero que nunca ven de mais repasar. A forma en negro é o presente, e a violeta é o pasado.

Begin – began

Can – could

Come – came

Get – got

Go – went

Have - had

Say – said

Take – took

Tell - told

- E, a canción de hoxe é... *I don't wanna be you anymore* de Billie Eilish: <https://youtu.be/NmvxHb4N6xk>  
E aquí vos deixo os imperativos en inglés, para que os escoitedes con escenas da película dos Increíbles.

Que teñades unha boa fin de semana: Lede, xogade, facede exercicio e tamén un película en familia con palomitas o usen elas, pode estar moi ben.

Moitos, moitos bicos!

Beatriz.